





A
NOSA
ESCOLA

CEIP NOSA SRA DE XUENCOS

BOBORÁS





Ola!

Esta é a miña escola.

Empeza o curso e vou aprender moitas cousas que me axudarán a medrar mellor, a relacionarme cos meus compañeiros/as e a coñecer o mundo.



Sabes?


O horario é:



Na xornada única é de 9.15h a 14:15 se imos ao comedor, e 13.45 h se comemos na casa.



No resto do curso é de 9.45h a 12.50h, pola mañá, e de 14.10h a 16.00h, pola tarde.



Ah!

Tedes que marcar a miña chaqueta ou anorak co meu nome, senón é posible que se perda ou se confunda coa dos meus compañeiros/as.




Convén que me poñades roupa cómoda e ampla, para que me cambie con facilidade e para habituarme a ir só ao baño.


Non me metades larpeiradas nos petos, quitaríanme o apetito. No recreo podo traer froita, iogur ou bocata.



NON



SI





Se estou enfermo/a, é mellor que me deixedes na casa, xa que non poderei seguir o ritmo dos meus compañeiros/as e podería contaxialos/as.



Debo quedar na casa cando teña:

- Febre
- Diarrea
- Piollos ou lendres
- Infeccións como a
conxuntivite, sarampelo,
varicela, hepatite, papeiras





Durante o día ¡non paramos!

Na aula facemos construcións,
puzzles, pintamos, disfrazámonos,





modelamos, descubrimos
números, as cores, os
símbolos...

Aprendemos tamén a
contar historias, e a saber
escoitalas.



Inventamos ás veces os nosos
propios coquetes e
aprendemos a compartilos,
a respectar a quenda e a
deixar todo recollido.





Antes de xantar, aseámonos.


Acábase a nosa xornada na escola: xa falta pouco para que me veñades buscar.



Non me fagades esperar: teño ganas de contarvos todo o que fixen.

¡Escoitádeme con interese!

Os pais sodes importantes nesta escola. Sempre que poidades acudide ás reunións e participade nas actividades que a escola ten organizadas.



Datos de interese:



Dirección:

- Evaristo Riande, s/n
- 32514 - Boborás



Teléfono e fax: 988402022



Correo electrónico:

Ceip.nosasehora.xuvencos@edu.xunta.es



Páxina web do cole:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipnosasehoradexuvencos>

